



**Matar por Matar Non**

Páxina electrónica: [www.matarpormatarnon.org](http://www.matarpormatarnon.org)  
Enderezo : C/Concordia, 29, 3º A - 32003-Ourense  
NIF : G32378507



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Xefatura Territorial de Coruña

Servicio de Conservación da Natureza. Praza Luís Seoane, s/n – A Coruña

Sr. Xefe do Servicio:

Julio Fernández González DNI 35.983.372X, presidente da Asociación ecoloxista “Matar por matar, NON”, con domicilio a efectos de notificación en Rúa da Concordia, nº 29-3º A - Ourense, MANIFESTA:

Que de acordo coa lexislación vixente sobre transparencia e información en asuntos de medio ambiente, pretendemos ter toda a información existente sobre as batidas contra lobos híbridos que se van realizar na Serra do Barbanza.

Que para que en tan sensible asunto non poidan existir mal entendidos, parécenos importante que se nos autorice, a lo menos a unha persoa, a participar como observadores nas batidas co obxecto de verificar os animais que son abatidos.

Que tamén consideramos necesario facer unha verificación de ADN nos animais que resulten de dubidosa identificación co obxecto de comprobar que non foron abatidos lobos puros.

En ese senso, SOLICITO:

Que se nos informe, de forma urxente, de ser posible adiantando por teléfono (649 733 693) os datos, das datas, horas e lugares onde se pretende realizar as batidas.

Que se nos entregue unha autorización para participar nesas batidas como observadores.

Que se informe ao responsable da batida da nosa presenza autorizada.

Que se nos informe do lugar ou lugares onde serán trasladados os animais abatidos.

Que se nos autorice a recoller mostras para practicar probas de ADN.

Ourense a 13 de marzo de 2012

Julio Fernández González- Presidente